

Le o texto con moita atención.

Primeiro fai unha lectura rápida; despois, volve lelo amodiño, fixándote ben en todos os detalles, para poder responder as preguntas sen miralo.

Os Reis Magos traerán aos fogares de España uns 250 000 animais

Moitos deles acaban abandonados ou baixo as rodas dun coche, polo que desde O Refuxio lembran que son «xoguetes con corazón e sen pilas» que requiren un exercicio de responsabilidade por parte dos donos

Máis de 250 000 mascotas, cans, gatos, paxaros e algún que outro animal exótico, chegarán un ano máis aos fogares españois traídos polos Reis Magos. Son «xoguetes» que ladran ou miñan, seres vivos que, en moitos casos e dentro duns meses, acabarán abandonados ou baixo as rodas dun coche.

Esa é a cifra aproximada de xoguetes con corazón e sen pilas que O Refuxio, asociación que promove «o benestar dos animais», calcula que traerán os Magos de Oriente a noite do 5 de xaneiro. Un agasallo en moitos casos pouco meditado e que obriga a un exercicio de responsabilidade durante anos.

«Un animal non é un xoguete, é un ser vivo con dereitos e necesidades», asegura Nacho Paunero, presidente do Refuxio, que outro Nadal máis animou á adopción de cans e gatos abandonados.

Galicia Hoxe



1 De que tipo de regalos fala a noticia?

.....

2 Que é O Refuxio?

3 Por que se di que estes regalos «requiren un exercicio de responsabilidade por parte dos donos»? Subliña a resposta adecuada:

- a) Porque é necesario programalos e cambiarlles as pilas.
- b) Porque son seres vivos con dereitos e necesidades.
- c) Porque son moi caros.
- d) Porque son moi perigosos.

4 Elixo unha mascota e indica algúns dos coidados que precisa.

- a)
- b)
- c)
- d)

5 Pon algún exemplo de animal exótico:

6 Estás de acordo con ter animais exóticos na casa, ou pensas que estarían mellor vivindo no seu medio? Razona a túa resposta.

.....
.....
.....

7 Ponlle outro titular á noticia.

.....

8 Imaxina que es membro do Refuxio e apunta catro razóns para animar a xente a adoptar animais abandonados.

.....
.....
.....